

A LINGUA GALEGA NOS SÉCULOS ESCUROS

Fronte ao esplendor de que disfruta a lingua galega na Idade Media, durante os séculos **XVI, XVII e XVIII** queda relegada a **simple lingua oral** (no ámbito rural e familiar), desaparecendo da vida escrita, oficial e pública (ámbito político, administrativo, relixioso e cultural) onde se impón o castelán. **Trátase dun período de profunda decadencia.**

As **causas** desta decadencia débense a aspectos de carácter sociopolítico:

- a inexistencia en Galicia dunha forte burguesía autóctona que defendese os nosos intereses
- a substitución da nobreza galega por outra de orixe castelá nas distintas loitas dinásticas
- a imposición da política centralizadora dos Reis Católicos nos ámbitos administrativo (órgano de goberno e xustiza) e eclesiástico, que incrementará o labor castelanizador, ao ser ocupados os postos claves nestes sectores por xente vida de fóra. Como consecuencia, o galego desaparece dos documentos escritos oficiais e da vida relixiosa e pública, quedando reducido o seu uso ao mundo privado e familiar, co conseguinte desprestixio que isto supón.

Nos séculos **XVI e XVII** a súa condición de **lingua exclusivamente oral** impediulle participar no proceso de fixación e estandarización que se produciu nas outras linguas románicas nestas datas. Así, mentres nestas linguas aparecen as primeiras gramáticas e dicionarios e incorporan ao seu léxico cultismos do latín e do grego, o galego sufrirá un forte empobrecemento lingüístico e non terá a súa primeira gramática ata a segunda metade do século XIX.

Por outra banda, a creación da **imprensa**, factor importantísimo na difusión e fixación das lingua romances, vai actuar contra o desenvolvemento do galego, contribuíndo máis á difusión do castelán, posto que é o idioma das clases que poden producir e consumir cultura.

A **igreja** tamén desempeñou un papel negativamente destacado no proceso de marxinación do galego, dado que vai empregar o castelán nos documentos, na liturxia, nas oracións e no ensino -dependente dela durante estes séculos-.

Tocante á **distribución social da lingua**, durante estes séculos a penetración do castelán afecta só a unha parte minoritaria da poboación, pero moi relevante (as clases altas): os postos claves dentro do clero, a nobreza foránea e a nobreza galega que, ben se desgaleguiza, ben fai un uso diglósico. Non obstante, a gran maioría da poboación, eminentemente rural, segue falando galego.

Así pois, durante estes séculos, o galego constitúe unha lingua:

- afastada da cultura escrita, da vida administrativa, eclesiástica e científica
- reducida a nivel oral, no rexistro informal e familiar
- falada basicamente polas clases baixas
- empobrecida lingüisticamente e en consecuencia, **unha lingua desvalorizada e desprestixiada.**

O século XVIII vaise caracterizar polo incremento do proceso desgaleguizador e de penetración do castelán debido á chegada dunha burguesía foránea que vén promover a industria e o comercio, e á instauración da monarquía borbónica que supón o reforzamento do poder central.

Non obstante, é tamén neste século cando xorden as primeiras voces que denuncian a marxinación lingüística de Galicia e se ocupan do estudo e defensa da nosa lingua. Son **os ilustrados**:

- o **Padre Feixoo**, quen mantén que o galego non é ningún dialecto nin o resultado da corrupción do castelán, senón un idioma románico equiparable a el.
- Diego A. Cernadas e Castro, **o cura de Fruime**, quen emprega frecuentemente o galego na súa obra poética.
- o **Padre Sarmiento** quen denuncia nos seus escritos a marxinación do galego no ámbito administrativo, eclesiástico e escolar, propugnando o seu uso no ensino e a obrigatoriedade do coñecemento do galego por parte dos funcionarios. Destacan tamén os sus estudos sobre léxico e etimoloxía como: *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, *Colección de voces y frases gallegas*, *Sobre el origen de la lengua gallega*,... obras que constitúen o inicio da lingüística galega científica.

En canto á **evolución interna da lingua**, neste longo período de tempo da Idade Moderna producíronse no campo da fonética, da morfoloxía e do léxico unha serie de transformacións que consolidaron os principais rasgos característicos da lingua galega actual e que a afastan do portugués, como son:

- 1.- Na **fonética**, a desaparición das vogais nasais e o enxordecemento do sistema de sibilantes.
- 2.- Na **morfoloxía**, a distinción entre TE (OD) e CHE (OI); a xeneralización da terminación -CHES para a segunda persoa dos perfectos (amaches,...) e -O para a terceira persoa dos perfectos fortes (houbo, fixo,...); a conservación da terminación -DES para a segunda persoa do plural dos verbos (cantades,...),...
- 3.- No **léxico**, produciuse a castelanización de onomástica persoal e de topónimos e empezaron a ser frecuentes os castelanismos léxicos (milagro, calle,...), agás no léxico rural.

Finalmente, podemos apuntar que a maior parte dos **fenómenos dialectais** xorden neste período (seseo, gheada, distinción de formas como IRMÁN / IRMAO,...) no que o galego non contaba cun modelo de lingua oral culta nin cun modelo de lingua escrita.